

# III Plan galego de acción voluntaria (2011-2014)



INTRODUCCIÓN .....	3
1. Principios inspiradores do Plan .....	6
2. Axentes de acción voluntaria .....	9
3. Destinatarias da acción voluntaria .....	12
4. Retos do voluntariado en Galicia .....	14
OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS .....	15
1. Área de sensibilización .....	18
2. Área de apoio .....	20
3. Área de coordinación .....	25
ACCIÓNS .....	28
1. Área de sensibilización .....	28
Difusión .....	28
Reflexión e estudo .....	34
2. Área de apoio .....	38
Promoción .....	38
Formación .....	50
Xestión .....	55
3. Área de coordinación .....	58
Coordinación .....	58
Cooperación .....	61
SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN .....	69
1. Seguimento .....	69
2. Avaliación .....	71
ORZAMENTO .....	72
ANEXOS .....	73
1. Metodoloxía .....	73
2. Participación .....	75
3. Estrutura do Plan .....	78
4. Glosario de termos .....	79

## INTRODUCCIÓN

O artigo 27 do *Anteproxecto de Lei de acción voluntaria*, desenvolvemento normativo do voluntariado para Galicia, consensuado polas partes implicadas e en proceso de aprobación neste momento, enmarca o propósito e alcance dos plans galegos de acción voluntaria do seguinte xeito:

*“A planificación estratéxica da Comunidade autónoma canalizarase a través do Plan galego de acción voluntaria, que se configura como un instrumento administrativo que determina os criterios de planificación e coordinación das actuacións proxectadas en materia de acción voluntaria.*

*Esta planificación estratéxica terá unha periodicidade de catro anos.*

*Son obxectivos do plan:*

- 1. A mellora da calidade e cantidade de participación cidadá, en especial a de colectividades con maiores dificultades sociais.*
- 2. O fortalecemento das entidades de acción voluntaria.*
- 3. O reforzo da coordinación interadministrativa e interdepartamental.*
- 4. A elaboración de novos instrumentos normativos.*
- 5. A creación dunha estrutura global de información, formación e sensibilización de acción voluntaria.*
- 6. A elaboración de programas de formación”*

Este é o terceiro plan de alcance estratéxico que se elabora co impulso da Xunta de Galicia e a contribución das entidades de acción voluntaria da comunidade autónoma e outros axentes de voluntariado.

O **Plan do voluntariado de Galicia (2002-2005)** tivo a responsabilidade de artellar por vez primeira o fenómeno da acción voluntaria na comunidade autónoma, baixo o marco da en aquel momento recentemente aprobada *Lei 3/2000, do 22 de decembro, do voluntariado de Galicia*.

A estrutura de este primeiro plan organizouse ao redor de cinco ámbitos de acción voluntaria sobre os que xirarían as intervencións do mesmo: promoción da cultura da solidariedade, formación, apoio e seguimento, coordinación e inspección (calidade).

Neste primeiro esforzo planificador, foi moi meritoria a posta en valor da multitude de iniciativas de voluntariado que a sociedade galega estaba a realizar naquel momento dende as administracións públicas e as entidades de iniciativa social.

O **Plan galego do voluntariado (2006-2010)**, segundo dos esforzos planificadores, elaborouse nun contexto de maior consolidación e coñecemento social da acción voluntaria, así como de maior madurez das entidades de acción voluntaria e das institucións reguladoras.

Este segundo plan estruturouse cruzando os ámbitos da promoción, formación, apoio, coordinación e calidade, coas principais áreas de intervención do voluntariado: inclusión social, autonomía persoal, infancia, cooperación, voluntariado ambiental e voluntariado cívico.

No seu haber estivo o gran caudal de contribución participativa que acadou un documento coñecido e compartido por todos os axentes implicados na acción voluntaria.

O **III Plan galego de acción voluntaria (2011-2014)**, que nace nun contexto de crise económica que condiciona o alcance dos seus obxectivos, aséntase logo nun longo camiño recorrido e resulta impulsado pola celebración do Ano europeo do voluntariado (2011), que terá en Galicia un peche privilexiado: a celebración do XIV Congreso Estatal de Voluntariado “Camiños de solidariedade”.

Seguindo as recomendacións do Observatorio do voluntariado da Plataforma del Voluntariado de España<sup>1</sup>, este terceiro plan estratéxico tentará dar resposta aos seguintes requirimentos:

- Elaboración participativa do plan.
- Que a formación do voluntariado, e dos equipos técnicos, sexa un área fundamental dentro do plan.
- Que se incorporen mecanismos que aseguren a dotación de orzamento para a execución do plan, o seu seguimento e a avaliación final.
- Que se contribúa á investigación en materia de voluntariado.
- Que se estableza unha estrutura de planificación que siga pautas comúns (en sintonía coa *Estrategia Estatal del Voluntariado 2010-2014*) e permita a comparabilidade entre plans de distintas comunidades autónomas.

A tal efecto, o III Plan galego de acción voluntaria estrutúrase atendendo ás seguintes grandes áreas de intervención:

1. Sensibilización.
2. Apoio.
3. Coordinación.

Cada unha destas tres **áreas de intervención** incorpora un **obxectivo xeral**, focalizándose en **ámbitos** para acadar os **obxectivos específicos**, nos que investirán os esforzos do Plan. Estes ámbitos serán á súa vez desenvolvidos polas **liñas estratéxicas** do plan, que han de priorizar e facer posibles os compromisos adquiridos en cada unha das áreas e ámbitos.

En cada liña estratéxica encádranse as **accións**, que son as actividades coas que se pretenden obter os resultados que permitan acadar o obxectivo marcado en cada un dos ámbitos e áreas de intervención. Para cada acción especificanse os colectivos ou persoas destinatarias, as

---

<sup>1</sup> 2009. OBSERVATORIO DEL VOLUNTARIADO. “Primeras conclusiones del estudio comparativo de los planes de voluntariado en España”

responsables, o seu desenvolvemento e alcance, e os indicadores que permitirán facer o seguimento do grao de cumprimento de cada unha delas.

## 1. Principios inspiradores do Plan

O III Plan galego de acción voluntaria recolle os principios orientadores da acción voluntaria que enuncia o artigo 4 do *Anteproxecto de Lei de acción voluntaria*:

1. *“Participación, promovendo o desenvolvemento dun tecido asociativo propio, desde o pleno recoñecemento da súa autonomía funcional e pluralismo, e a implicación da cidadanía na consecución dos intereses públicos.*
2. *Solidariedade, altruismo e gratuidade da acción que se desenvolve, excluíndose a procura ou o aproveitamento dun beneficio material.*
3. *Liberdade persoal e respecto do pluralismo e das opcións persoais das persoas voluntarias e das persoas destinatarias da súa acción.*
4. *Colaboración e complementariedade entre as entidades de acción voluntaria e as administracións públicas sen que en ningún caso a acción voluntaria poda implicar unha substitución do traballo profesional ou das obrigas dos poderes públicos.”*

Ademais, os seguintes principios orientaron a elaboración do III PGAV:

- Integralidade, transversalidade e coordinación.
- Corresponsabilidade e compromiso.
- Diálogo civil.
- Igualdade de oportunidades.
- Autonomía das entidades de acción voluntaria.
- Efectividade, eficacia e eficiencia.
- Transversalidade de xénero.

### **Integralidade, transversalidade e coordinación**

Na elaboración deste plan concíbese o fenómeno do voluntariado desde unha perspectiva global e integral, como forma de actuar desde o local para acadar unha cidadanía global máis xusta e equitativa. Considérase o voluntariado unha realidade polimorfa que conta cunha entidade propia, que é a que lle confire a normativa que a enmarca.

Enténdese o voluntariado como unha expresión específica das múltiples formas de participación social que emerxen na sociedade. Esta forma de participación social está regulada por lei, pero é dinámica e desborda as estruturas das organizacións e administracións que están ao seu servizo.

Na elaboración deste plan procúrase unha aproximación transversal e aberta, na que a coordinación das distintas entidades participantes facilite a complementariedade que precisa para o seu impulso e desenvolvemento.

## Corresponsabilidade e compromiso

Na elaboración deste plan considérase que a riqueza da participación social que se canaliza a través da acción voluntaria organizada reclama a implicación comprometida e responsable das entidades que teñen o mandato de coidala e alentalala.

Esta responsabilidade e compromiso non é exclusiva das administracións públicas e entidades de acción voluntaria, senón que abrangue a toda a sociedade no seu conxunto e tamén a cada unha das persoas que individualmente participan, xa que a acción voluntaria é un patrimonio de todas e cada unha das cidadás e cidadáns.

## Diálogo Civil

O Diálogo Civil é un mecanismo que permite a participación aberta e flexible de todas as entidades de interese no desenvolvemento do plan.

Asumindo a aplicación de este principio, definido pola *Ley 51/2003 de Igualdad de oportunidades, no discriminación y accesibilidad universal para las personas con discapacidad*<sup>2</sup>, as organizacións representativas do ámbito do voluntariado participan no proceso de elaboración do Plan, así como tamén na súa execución, seguimento e avaliación.

Contouse co movemento asociativo, co fin de recoller as súas achegas e perspectivas, conseguindo un consenso na priorización de áreas de intervención, de obxectivos xerais e obxectivos de carácter específico.

Deste xeito, recoñécese ás entidades de acción voluntaria como interlocutoras competentes e cualificadas, así como a conveniencia de consultalas como partes implicadas nas decisións que teñen repercusión no sector.

## Igualdade de oportunidades

Ademais de corraxir situacións de discriminación é preciso conxugar o dereito á igualdade co dereito á diferenza, de tal maneira que todas as persoas obteñan o mesmo beneficio ou equivalente das políticas públicas, tal como recoñece a *Ley 51/2003 de igualdade de oportunidades*. De cara a traballar para erradicar calquera situación de desigualdade ou discriminación, a incorporación a programas de voluntariado ha de estar garantida para calquera persoa independentemente do seu sexo, características físicas, relixión ou cultura.

## Autonomía das entidades de acción voluntaria

No proceso de elaboración deste plan se ten especialmente en conta que as entidades de acción voluntaria que operan nos ámbitos de acción de interese social que recolle a Lei 3/2000, funcionan de forma autónoma respecto aos poderes públicos.

---

<sup>2</sup> O **diálogo civil** é un principio polo que as organizacións que representan ás persoas con discapacidade, participan nas políticas oficiais que teñan que ver coas persoas con discapacidade

Estes últimos teñen o mandato de fomentar, coordinar e apoiar a contribución autónoma das entidades de acción voluntaria. Se a isto unimos a promoción do emprendemento das entidades e dos seus integrantes, estarase contribuíndo á súa sustentabilidade e á viabilidade dos seus proxectos.

### **Efectividade, eficacia e eficiencia**

O III Plan galego de acción voluntaria quere contribuír a que se desenvolva o voluntariado como unha forma efectiva de contribución social dunha cidadanía activa, para poder actuar dun xeito transformador nun contexto de globalización e interdependencia.

No proceso de elaboración do plan quérense marcar uns obxectivos e resultados que se poidan acadar de forma eficiente.

### **Transversalidade de xénero**

O III Plan galego de acción voluntaria quere contribuír ao cambio de condutas sexistas e favorecer procesos de igualdade entre homes e mulleres. Esta é unha contribución significativa á construción dunha sociedade máis equitativa.

O plan quere que a perspectiva de xénero estea presente na planificación, execución e seguimento das accións previstas.



## 2. Axentes de acción voluntaria

Aos efectos do *Anteproxecto de Lei de acción voluntaria* son consideradas entidades de acción voluntaria

*“aquelas entidades, públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e dotadas de personalidade xurídica propia que de xeito organizado e estable realicen programas específicos en relación con actividades de interese xeral e incluídas no artigo 5 desta Lei [todos aqueles sectores da vida política, económica, cultural e social que contribúan a promover a mellora das condicións de calidade de vida das persoas ou o benestar social]”.*

Ademais das entidades de acción voluntaria ás que se refire o Anteproxecto de Lei mencionado, existen **outras e outros axentes** que operan dunha forma determinante no ámbito da acción voluntaria dende a promulgación da Lei de voluntariado de Galicia 3/2000.

Co propósito de identificar e de implicar a estas e estes axentes no proceso participativo e colaborativo de elaboración do III Plan galego de acción voluntaria e no desenvolvemento futuro do voluntariado, realizamos a seguinte enumeración vinculada á acción voluntaria en Galicia:

1. As **persoas voluntarias**, como axente central, cuxo desenvolvemento na acción voluntaria está regulado por Lei, e a **comunidade** no seu conxunto, en quen reverte a acción ofrecendo posibilidades de participación e mellorando as condicións xerais de vida e a de determinadas colectividades en concreto.
2. As **entidades non lucrativas** rexistradas como entidades de acción voluntaria, que desenvolven programas, proxectos e actividades de voluntariado en diferentes ámbitos, sectores ou colectividades e son protagonistas directas da acción voluntaria organizada.

Establecemos para os efectos do III Plan galego de acción voluntaria o seguinte agrupamento:

- a. De acción social.
  - b. De cooperación exterior.
  - c. Medioambientais.
  - d. Culturais.
  - e. Outras.
3. As **Administracións públicas**, con competencias asignadas normativamente, que de diferentes formas teñen unha decisiva incidencia directa na evolución e desenvolvemento do voluntariado e a acción voluntaria, ben sexa no seu marco legal, na planificación, na formación, no financiamento ou noutras áreas do seu desenvolvemento.

Dentro de este grupo identificamos como axentes que interveñen no voluntariado:

- a. A **Xunta de Galicia** e os seus Departamentos, á que o *Anteproxecto de Lei de acción voluntaria* lle atribúe competencias na materia. Moi en especial:

- i. A Dirección xeral de xuventude e voluntariado, encargada de deseñar e desenvolver as políticas de voluntariado na Comunidade Autónoma.
    - ii. O Consello Galego de Voluntariado, máximo órgano consultivo do voluntariado para Galicia, recollido na súa composición e funcións no Anteproxecto de Lei de acción voluntaria.
    - iii. Outras consellerías, áreas ou departamentos da administración autonómica que polo seu ámbito, colectivo ou sector de intervención teñen relación co voluntariado, directa ou indirectamente.
    - iv. Protección Civil, como entidade singular dependente da administración autonómica, que aglutina multitude de agrupacións á súa vez consideradas entidades de acción voluntaria, e persoas voluntarias en todo o territorio da comunidade autónoma galega.
  - b. As **Entidades locais**, como encargadas de promover a acción voluntaria nos respectivos termos municipais, entre outras das competencias atribuídas no *Anteproxecto de Lei de acción voluntaria*
    - i. As **Deputacións** provinciais
    - ii. Os **Concellos**
      - Oficinas municipais de voluntariado.
      - Concellarías, áreas ou departamentos das corporacións municipais que polo seu ámbito, competencias, ou colectivo e sector de intervención, teñen relación directa ou indirecta co voluntariado.
  - c. As institucións da **Unión europea** relacionadas e con incidencia na acción voluntaria.
  - d. O **Goberno central** de España, a través de diferentes departamentos relacionados directa ou indirectamente co voluntariado.
4. **Outras entidades**, con ou sen competencias atribuídas normativamente, que desenvolven accións ou actividades de diversa índole que contribúen ao desenvolvemento do voluntariado, como:
  - a. As **Universidades**, con competencias atribuídas normativamente na consideración de administración pública que teñen, aínda que con outras funcións e modos de incidencia no voluntariado, a través das oficinas de voluntariado ou outras áreas ou oficinas que poidan intervir no ámbito.
  - b. Os **Centros de ensino** secundario e superior non universitario, como entidades de desenvolvemento do voluntariado no alumnado e profesorado e na colaboración con outras entidades.

- c. Os **Colexios profesionais**, nomeadamente os das profesións de índole social, na súa relación coas entidades de acción voluntaria e coas demais participantes no eido do voluntariado.
- d. As **Obras Sociais** das caixas de aforro e as **Fundacións** públicas e privadas, que contribúen promovendo o voluntariado e financiando ou desenvolvendo programas conxuntos con outras entidades.
- e. As **Empresas**, que contribúen promovendo o voluntariado entre o seu persoal, financiando ou desenvolvendo programas conxuntos con outras entidades, e outras formas de contribución á acción voluntaria.
- f. Os **Sindicatos**, entidades de voluntariado na representación que se lle atribúe normativamente no Consello Galego do Voluntariado e na súa relación con outras entidades.
- g. As **Novas expresións** participativas (voluntariado virtual, redes de apoio voluntario).

<b>AXENTES DE VOLUNTARIADO NO III PLAN GALEGO DE ACCIÓN VOLUNTARIA</b>		
Persoas Voluntarias		
Entidades sen ánimo de lucro	De acción social De cooperación exterior Medioambientais Culturais Outras	
Administracións Públicas	Xunta de Galicia	Dirección xeral de xuventude e voluntariado
		Outros departamentos, áreas e consellerías
		Protección civil
		Consello galego do voluntariado
	Entidades locais	Deputacións
		Concellos
Institucións do goberno central (España)		
Institucións da UE		
Outras entidades	Universidades	
	Centros de ensino medio e superior non universitario	
	Colexios profesionais	
	Obras sociais das caixas e Fundacións públicas e privadas	
	Empresas	
	Sindicatos	
Novas expresións participativas		

### 3. Destinatarias da acción voluntaria

Na elaboración de este III Plan Galego de Acción Voluntaria 2011-2014 temos necesariamente que ter en consideración a figura, central no desenvolvemento do voluntariado e as entidades que aglutina a acción voluntaria, da **persoa ou colectividade destinataria** e beneficiaria da mesma.

O Anteproxecto de Lei de Acción Voluntaria de Galicia dedica o seu título II á *“ordenación dos suxeitos da acción voluntaria como son as persoas voluntarias, as entidades de acción voluntarias nas que se integran aquelas e, por último, as **persoas destinatarias** da acción voluntaria”*, tendo ademais como principio inspirador a *liberdade persoal e respecto do pluralismo e das opcións persoais* das persoas destinatarias da acción.

**Persoas destinatarias** da acción voluntaria son, segundo este Anteproxecto de Lei, *todas as persoas físicas e/ou os grupos ou comunidades nos que se integran, para as que o desenvolvemento da acción voluntaria poda representar unha mellora das súas condicións e calidade de vida, a satisfacción das súas necesidades ou, en todo caso, un beneficio persoal ou social*, concepto que facemos extensible e de aplicación neste III PGAV.

Como beneficiarias da acción voluntaria, a lexislación outorga ás persoas destinatarias uns **dereitos** pero tamén define uns **deberes**, derivados da aceptación da acción voluntaria en caso de estar dirixida a unha persoa individual, os cales establecen un marco para a relación entre as persoas voluntarias, as persoas destinatarias e as entidades de acción voluntaria.

Beneficiaria da acción voluntaria será a persoa destinataria da mesma, e terá **dereito** a:

1. que se garanta a súa dignidade e intimidade persoal e familiar;
2. que se garanta a protección dos datos de carácter persoal;
3. recibir unha acción voluntaria de calidade;
4. solicitar a substitución da persoa voluntaria asignada;
5. prescindir da acción voluntaria;
6. colaborar na avaliación da acción voluntaria a elas dirixida;
7. recibir información sobre os programas ou proxectos;
8. que os programas non supoñan inxerencias nas súas liberdades;
9. solicitar a intervención da entidade para a resolución dos conflitos coas persoas voluntarias;

Pola súa parte, **deberá**:

1. colaborar coas persoas voluntarias, respectar e facilitar a súa labor;
2. non ofrecer contraprestación pola acción voluntaria a entidades e voluntarias;
3. en caso de prescindir dos servizos dun programa, notificalo con antelación;

4. non esixir á persoa voluntaria actuacións fora da natureza da acción voluntaria.

10.

#### 4. Retos do voluntariado en Galicia

O *Diagnóstico de situación do voluntariado de acción social en España*<sup>3</sup>, presentado polo Observatorio do Voluntariado da Plataforma do Voluntariado de España en 2010, identifica catro retos de futuro para o desenvolvemento do voluntariado en España:

- Mellorar o coñecemento do voluntariado, analizando tamén as novas tendencias que se presentan na participación social, novas canles e novas colectividades e perfís de persoa voluntaria.
- Aumentar a capacidade de transformación social e participación activa do voluntariado.
- Ampliar as marxes de sustentabilidade das entidades de acción voluntaria e do Terceiro Sector no seu conxunto, xunto coas posibilidades e formas de participación do voluntariado.
- Mellorar a xestión do ciclo da acción voluntaria, camiñando na transparencia, na eficacia e na eficiencia.

O presente Plan fai seu este diagnóstico e incorpora estes retos, os cales están en perfecta sintonía cos obxectivos que o artigo 27 do Anteproxecto de Lei de acción voluntaria recolle para os plans estratéxicos de voluntariado de Galicia, tendo en conta que este diagnóstico afecta a unha parte das organizacións ou entidades de acción voluntaria en Galicia, as de acción social.

<sup>3</sup> Observatorio del Voluntariado de la Plataforma del Voluntariado de España (2010). *Diagnóstico de la situación del voluntariado de acción social en España*. Madrid.

## OBXECTIVOS E LIÑAS ESTRATÉXICAS

O III Plan galego de acción voluntaria ten como principal cometido responder á realidade presente e aos retos que o voluntariado e a acción voluntaria presentan na comunidade autónoma galega, no período de tempo que enmarca o seu desenvolvemento, 2011-2014.

As actuacións que derivan deste Plan veñen definidas pola súa contribución a liñas estratéxicas, ámbitos e áreas de acción, en aras de promover a participación cidadá, fortalecer as entidades de acción voluntaria, reforzar a coordinación entre as e os diferentes axentes e desenvolver estruturas para a acción voluntaria, entre outros elementos que se consideran claves na promoción da acción voluntaria.

Sistematizamos do seguinte xeito as grandes **áreas** (obxectivo xeral) e **ámbitos** (obxectivos específicos), que á súa vez se desenvolverán en liñas estratéxicas, que compoñen o III Plan Galego de Acción Voluntaria:

### 1. Area de Sensibilización

O obxectivo xeral é contribuir á construción dunha cidadanía que valora e participa socialmente a través da acción voluntaria.

Os ámbitos que integran esta área son:

- **Ámbito da Difusión.** Obxectivo específico: comunicar á cidadanía os valores e contribución da acción voluntaria como expresión dunha participación activa en temas de interese xeral.
- **Ámbito da Reflexión e estudo.** Obxectivo específico: fomentar o estudo e análise do fenómeno de acción voluntaria dende distintas perspectivas para visibilizar a cantidade e calidade da súa contribución social.

Considérase de vital importancia difundir na cidadanía os valores que incorpora a acción voluntaria, promovendo o seu coñecemento e recoñecemento, sen esquecer a importancia de estimular a acción e os incentivos á participación da poboación no voluntariado. O labor de sensibilización das entidades de voluntariado é clave para levar adiante esta tarefa, en todos os ámbitos da vida, con especial atención á educación, tanto primaria como secundaria e universitaria.

Este labor de difusión estará orfo se non se acompaña dun proceso continuo de reflexión, análise e estudo que permita definir o papel do voluntariado na nosa comunidade e nas nosas vidas en cada momento da súa evolución, reservándolle un espazo dentro dos grandes debates sociais.

## 2. Area de Apoio

O obxectivo xeral da área de apoio é fomentar o desenvolvemento de entidades de acción voluntaria que favorezan a participación da cidadanía en temas de interese xeral.

Os ámbitos que integran esta área son:

- **Ámbito da Promoción.** Obxectivo específico: incrementar a cantidade, calidade e continuidade da participación da cidadanía na acción voluntaria.
- **Ámbito da Formación.** Obxectivo específico: fortalecer a capacitación das entidades de acción voluntaria e das persoas voluntarias para unha contribución efectiva e de calidade na atención a temas de interese xeral.
- **Ámbito da Xestión.** Obxectivo específico: mellorar a eficacia e eficiencia da xestión das entidades de acción voluntaria para contribuír a súa sustentabilidade no desempeño das súas funcións.

A consolidación do sector pasa necesariamente pola promoción da participación da cidadanía en proxectos de voluntariado, e tamén por unha adecuada xestión do proceso desde as institucións e desde as entidades de acción voluntaria, incluíndo a formación, tanto nas persoas voluntarias como nas institucións e organizacións. Procúrase unha contribución valiosa para a sociedade, as colectividades e ámbitos de intervención, as entidades e as propias persoas voluntarias.

A consolidación do sector require atención ás tendencias que as persoas voluntarias presentan en cada momento, como o plurivoluntariado, a tendencia a dedicar menos tempo á acción voluntaria, ou a disposición amosada a colaborar só en casos puntuais, en tarefas específicas ou en caso de necesidade (emerxencias, catástrofes,...). Isto contrasta, nunha situación de crise, coa necesidade de compromiso duradeiro e estable que moitos programas, entidades e colectividades presentan neste momento.

Por outra parte e en relación ao anteriormente mencionado, a promoción do voluntariado ha de atender a novos perfís de persoa voluntaria que demandan programas adecuados para realizar acción voluntaria e polo tanto contribución á sociedade (voluntariado virtual, persoas voluntarias expertas, persoas maiores, profesionais, ...) e que son reflexo e mostra da evolución da mesma.

Neste proceso será clave reforzar os programas de voluntariado nas súas dimensións de xestión, organización e participación, mellorar a calidade na xestión das entidades, promovendo a eficiencia e a sustentabilidade, e acadar unha adecuada disposición de recursos técnicos e materiais nas entidades.

Finalmente, os obxectivos e liñas de traballo da área non serán alcanzables sen un compromiso de financiamento público para as entidades de acción voluntaria, sen esquecer a importancia de promover a súa independencia financeira e a diversificación das fontes de financiamento para o desenvolvemento dos programas. Enténdese que, desta forma, se contribúe á sustentabilidade das entidades e da acción voluntaria.



### 3. Área de Coordinación

O obxectivo xeral é fortalecer a coordinación entre as e os axentes de voluntariado de Galicia para favorecer a súa efectividade na construción dunha cidadanía máis participativa.

Os ámbitos que integran esta área son:

- **Ámbito da Coordinación.** Obxectivo específico: reorientar o funcionamento das estruturas, relacións e mecanismos de coordinación entre as e os axentes de voluntariado de Galicia.
- **Ámbito da Cooperación.** Obxectivo específico: reforzar a comunicación e cooperación entre as e os axentes de voluntariado en Galicia.

Considérase esencial fortalecer a comunicación e a colaboración entre as e os diferentes axentes de voluntariado que contempla este III Plan Galego de Acción Voluntaria.

As redes e plataformas de voluntariado e a coordinación e cooperación entre diferentes departamentos e niveis das administracións públicas son mecanismos clave para a consolidación do voluntariado na sociedade.

O desenvolvemento de liñas de colaboración ha de plasmarse tanto na coordinación xeral das políticas públicas no sector como na xeración de propostas concretas de acción promovidas desde a administración pública.

O III Plan Galego de Acción Voluntaria, seguindo as recomendacións da Plataforma estatal do voluntariado, presenta unha estrutura que ten en conta a desenvolvida na *Estratexia estatal del voluntariado 2010-2014*, aprobada en decembro de 2010 polo Consello de Ministros.

<b>ACCIONS DO III PLAN GALEGO DE ACCIÓN VOLUNTARIA</b>			
<b>Áreas</b>	<b>Ámbitos</b>	<b>Liñas estratéxicas</b>	<b>Accións</b>
<b>3</b>	<b>7</b>	<b>19</b>	<b>89</b>
1. Sensibilización	Difusión (LE 01- 03)	3	13
	Reflexión e estudo (LE 04)	1	11
2. Apoio	Promoción (LE 05-08)	4	24
	Formación (LE 09- 11)	3	10
	Xestión (LE 12-14)	3	8
3. Coordinación	Coordinación (LE 15-16)	2	8
	Cooperación (LE 17-19)	3	15

## 1. Área de sensibilización

**Obxectivo xeral:** contribuir á construción dunha cidadanía que valora e participa socialmente a través da acción voluntaria.

Difusión	Liña estratéxica	Acción
<p><b>Obxectivo específico:</b> Comunicar á cidadanía os valores e contribución da acción voluntaria como expresión dunha participación activa en temas de interese xeral.</p>	LE 01. Difusión dos valores da acción voluntaria na sociedade galega.	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Impulso de campañas e eventos periódicos de concienciación e sensibilización da sociedade.</li> <li>2. Promoción de accións de sensibilización sobre a acción voluntaria que contribúan á participación efectiva en accións de voluntariado.</li> <li>3. Impulso á concienciación e sensibilización da mocidade acerca dos valores da acción voluntaria.</li> <li>4. Difusión dos resultados e beneficios que a acción voluntaria ten para as colectividades e persoas beneficiarias.</li> </ol>
	LE 02. Difusión dos valores da acción voluntaria nos ámbitos educativos.	<ol style="list-style-type: none"> <li>5. Impulso de campañas de información e sensibilización sobre os valores do voluntariado nos centros de ensino primario e secundario.</li> <li>6. Impulso á difusión dos valores da acción voluntaria e solidaria na comunidade universitaria.</li> <li>7. Apoio na difusión dos valores da solidariedade e o altruísmo por medio do currículo escolar na educación primaria, de modo transversal no marco da educación en valores.</li> <li>8. Apoio á incorporación no currículo académico do ensino secundario e universitario de actividades de voluntariado.</li> </ol>
	LE 03. Difusión das actividades de voluntariado.	<ol style="list-style-type: none"> <li>9. Impulso á difusión de accións e actividades de voluntariado entre a comunidade universitaria e nos centros de ensino superior non universitarios.</li> <li>10. Impulso á difusión de novas e experiencias solidarias e da axenda do voluntariado galego desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.</li> <li>11. Difusión das actividades de voluntariado desde outros departamentos da administración autonómica e desde outras institucións.</li> <li>12. Promoción da implicación dos medios de comunicación na difusión da acción voluntaria.</li> <li>13. Promoción e apoio a plataformas sectoriais ou locais para a difusión da acción voluntaria.</li> </ol>

<b>Reflexión e estudo</b>	<b>Liña estratéxica</b>	<b>Acción</b>
<p><b>Obxectivo específico:</b> Fomentar o estudo e análise do fenómeno de acción voluntaria dende distintas perspectivas para visibilizar a cantidade e calidade da súa contribución social.</p>	<p>LE 04. Coñecemento da realidade da acción voluntaria en Galicia.</p>	<ol style="list-style-type: none"> <li>14. Creación e dotación do <i>Observatorio galego de acción voluntaria</i>.</li> <li>15. Deseño e posta en marcha dun sistema de indicadores sistematizado que permita caracterizar a situación do voluntariado e avaliar o impacto xeral das políticas públicas no sector, e de xénero en particular.</li> <li>16. Realización de informes anuais sobre a situación do voluntariado en Galicia, con datos desagregados por sexos, idades ...</li> <li>17. Posta en marcha do <i>Rexistro de acción voluntaria de Galicia</i>, cun soporte que permita a dispoñibilidade de datos para análises desagregadas por sexos, idades, ...</li> <li>18. Actualización do <i>Rexistro das entidades de acción voluntaria de Galicia</i>.</li> <li>19. Realización dun estudo actualizado de diagnóstico sobre a acción voluntaria en Galicia, que permita dispoñer de datos sobre as persoas vinculadas aos programas.</li> <li>20. Realización dun estudo sobre a adecuación da lexislación vixente á realidade do voluntariado.</li> <li>21. Colaboración en estudos que permitan coñecer as necesidades, demandas, problemas, recursos e tendencias do voluntariado e das entidades de acción voluntaria.</li> <li>22. Estímulo á elaboración de investigacións sobre a acción voluntaria en Galicia que incorporen as perspectivas sociolóxica, económica e de xénero, a través de convocatoria de subvencións destinadas ás universidades galegas que promovan a súa realización.</li> <li>23. Promoción desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado do coñecemento do marco legal do voluntariado en Galicia para o voluntariado e entidades de acción voluntaria.</li> <li>24. Promoción de espazos de reflexión e análise da realidade do voluntariado.</li> </ol>

## 2. Área de apoio

**Obxectivo xeral:** fomentar o desenvolvemento de entidades de acción voluntaria que favorezan a participación da cidadanía en temas de interese xeral.

Promoción	Liña estratéxica	Acción
<b>Obxectivo específico:</b> Incrementar a cantidade, calidade e continuidade da participación da cidadanía na acción voluntaria.	LE 05. Impulso do voluntariado nos centros educativos non universitarios: educación secundaria, bacharelato e formación profesional.	25. Promoción de programas de voluntariado para o alumnado e profesorado de centros de ensino secundario en colaboración coa Consellería de Educación. 26. Desenvolvemento da colaboración entre entidades de acción voluntaria e os centros do sistema educativo en proxectos concretos de acción voluntaria e en actividades de iniciación ao voluntariado. 27. Impulso á participación do alumnado de ensino medio e superior non universitario na presentación e desenvolvemento de propostas de programas de acción voluntaria. 28. Establecemento dunha liña de axudas específicas a entidades de acción voluntaria, no marco das convocatorias de subvención, para a realización de proxectos de voluntariado en colaboración con centros educativos de ensino medio e superior non universitario. 29. Fomento do intercambio de coñecementos, experiencias e boas prácticas, en especial aquelas referidas á innovación social e boas prácticas de voluntariado, entre centros ensino medio e superior non universitario. 30. Formación do persoal docente dos centros de ensino medio e superior non universitario en temas de igualdade, participación cidadá activa, solidariedade e voluntariado.
	LE 06. Fomento da acción voluntaria na administración pública.	31. Promoción da participación de empregadas e empregados públicos en proxectos de acción voluntaria. 32. Deseño de liñas de asesoramento, apoio e formación a persoal da administración pública.

	<p>LE 07. Promoción do voluntariado en determinados colectivos sociais e en determinados ámbitos.</p>	<p>33. Promoción do voluntariado para a intervención como apoio ante emerxencias, catástrofes e desastres naturais, en colaboración con entidades especializadas.</p> <p>34. Promoción do voluntariado para a intervención como apoio en grandes eventos sociais, culturais e deportivos.</p> <p>35. Impulso á promoción da participación da mocidade galega no programa de voluntariado de Nacións Unidas.</p> <p>36. Impulso á promoción da participación das persoas voluntarias en proxectos de voluntariado europeo, como o Servizo Voluntario Europeo para mozas ou o programa sectorial Grundtvig para maiores, ...</p> <p>37. Impulso á promoción da participación en actividades de acción voluntaria entre as persoas pertencentes á comunidade universitaria.</p> <p>38. Promoción e deseño de programas de voluntariado xuvenil.</p> <p>39. Promoción de programas de voluntariado corporativo para as traballadoras e traballadores da empresa privada.</p> <p>40. Promoción do voluntariado e apoio ás entidades que desenvolven programas con colectivos especialmente vulnerables da infancia e adolescencia.</p> <p>41. Promoción do voluntariado e apoio ás entidades que desenvolven programas no eido da igualdade entre homes e mulleres, a través, entre outras accións, de convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de recursos para mulleres en situacións de risco de exclusión.</p> <p>42. Promoción do voluntariado e apoio ás entidades ou redes que desenvolven programas de voluntariado no eido do acompañamento a vítimas da violencia de xénero.</p> <p>43. Promoción do voluntariado realizado por persoas maiores e apoio ás entidades que desenvolven programas de voluntariado con maiores e para maiores, favorecendo a inclusión a través da participación social activa.</p> <p>44. Promoción do voluntariado realizado por persoas con discapacidade e apoio ás entidades que desenvolven programas de voluntariado con persoas con discapacidade e para persoas con discapacidade.</p> <p>45. Promoción do voluntariado de Cooperación e Educación para o Desenvolvemento en colaboración coa Cooperación Galega, baixo programas con ONGD e outras entidades, departamentos e institucións.</p> <p>46. Promoción de proxectos singulares que pola súa especificidade, calidade ou innovación presentan elementos de interese no desenvolvemento do voluntariado.</p>
--	---	---

	LE 08. Favorecemento da estabilidade e compromiso das persoas voluntarias coas entidades de acción voluntaria.	47. Promoción desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da participación da cidadanía en accións de voluntariado concretas das entidades de acción voluntaria. 48. Deseño de accións formativas para as entidades de acción voluntaria en temas de motivación e xestión de colectividade.
--	--	--

<b>Formación</b>	<b>Liña estratéxica</b>	<b>Acción</b>
<b>Obxectivo específico:</b> Fortalecer a capacitación das entidades de acción voluntaria e das persoas voluntarias para unha contribución efectiva e de calidade na atención a temas de interese xeral.	LE 09. Realización de plans de formación coordinados entre distintas entidades.	49. Realización dun estudo en Galicia de necesidades formativas para as entidades de acción voluntaria e as persoas voluntarias. 50. Impulso á coordinación entre as e os distintos axentes de voluntariado na posta en marcha de plans de formación para persoas voluntarias, dinamizadoras de acción voluntaria e xestoras de voluntariado, en adecuación aos programas de voluntariado existentes.
	LE 10. Formación para persoas dinamizadoras e xestoras de acción voluntaria.	51. Deseño, posta en marcha e avaliación dun itinerario de formación para dinamizadoras e dinamizadores de acción voluntaria e xestoras e xestores de voluntariado. 52. Establecemento de liñas de axudas para a realización de programas de formación específicos para dinamizadoras e dinamizadores de acción voluntaria e xestoras e xestores de voluntariado. 53. Promoción da formación de persoal docente dos centros ensino superior non universitario en temas de participación cidadá activa, igualdade, voluntariado e solidariedade. 54. Formación para a elaboración de plans de comunicación nas entidades de acción voluntaria que permitan visibilizar o seu labor.
	LE 11. Formación para persoas voluntarias.	55. Desenvolvemento de programas anuais de formación de persoas voluntarias que impulsen a diversificación das modalidades de formación, a colaboración entre entidades e a adecuación aos programas existentes. 56. Establecemento de liñas de formación e apoio na realización de programas de voluntariado nos centros de ensino superior non universitario. 57. Impulso da colaboración coas tres universidades galegas para a formación de persoas en diferentes ámbitos da acción voluntaria. 58. Posta en marcha de programas de formación de voluntariado para as propostas de colaboración con outros departamentos da administración autonómica.

<b>Xestión</b>	<b>Liña estratéxica</b>	<b>Acción</b>
<b>Obxectivo específico:</b> Mellorar a eficacia e eficiencia da xestión das entidades de acción voluntaria para contribuír a súa sustentabilidade no desempeño das súas funcións.	LE 12. Fortalecemento das entidades de acción voluntaria de iniciativa social.	59. Elaboración e posta a disposición dun inventario de recursos materiais dispoñibles para as persoas voluntarias, as entidades e as e os axentes de voluntariado. 60. Mantemento do apoio financeiro ás entidades de acción voluntaria a través de convocatorias de subvencións para o desenvolvemento das súas actividades 61. Promoción de programas de asesoramento a entidades de acción voluntaria sobre aspectos técnicos da xestión do voluntariado.
	LE 13. Recoñecemento das figuras de dinamizadoras e xestoras de acción voluntaria.	62. Apoio para a contratación de persoas xestoras de voluntariado, a través do asesoramento e do deseño de liñas de axuda no marco das convocatorias anuais de subvención. 63. Estímulo á formación e ao asesoramento para as tarefas de dinamización e xestión do voluntariado nas entidades de acción voluntaria.
	LE 14. Fomento da calidade na dinamización da acción voluntaria.	64. Identificación e difusión de boas prácticas na dinamización da acción voluntaria. 65. Apoio das administracións públicas para a incorporación de sistemas de xestión da calidade nos ámbitos da xestión do voluntariado das entidades de acción voluntaria. 66. Estímulo á formación e o asesoramento na xestión con criterios de calidade e excelencia do voluntariado nas e nos axentes de acción voluntaria.



### 3. Área de coordinación

**Obxectivos xeral:** Fortalecer a coordinación entre as e os axentes de voluntariado de Galicia para favorecer a súa efectividade na construción dunha cidadanía máis participativa.

Coordinación	Liña estratéxica	Acción
<b>Obxectivo específico:</b> Reorientar o funcionamento das estruturas, relacións e mecanismos de coordinación entre as e os axentes de voluntariado de Galicia.	LE 15. Aseguramento da coordinación das iniciativas públicas en materia de acción voluntaria a través da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.	67. Impulso á presenza do voluntariado como elemento transversal presente nas políticas, plans e programas de diferentes áreas e departamentos da administración autonómica. 68. Deseño de liñas de coordinación entre departamentos da administración autonómica para a participación e xestión do voluntariado en diferentes campos de intervención. 69. Apoio para a mellora na transmisión de información e na comunicación de datos sobre voluntariado entre as administracións públicas e as entidades de acción voluntaria. 70. Información ás persoas integrantes do <i>Consello galego de voluntariado</i> sobre a situación e evolución do voluntariado en Galicia. 71. Dinamización do <i>Consello galego de voluntariado</i> .
	LE 16. Potenciación da coordinación das entidades de acción voluntaria de Galicia.	72. Impulso e mellora nas liñas de coordinación entre a administración autonómica e as entidades de acción voluntaria para a participación da cidadanía en accións de voluntariado. 73. Impulso á creación de redes de acción voluntaria, e apoio a aquelas que emerxan en ámbitos locais, sectoriais ou no seno do movemento asociativo representativo de diferentes colectividadeas. 74. Fomento de encontros entre axentes de voluntariado para o debate sobre o concepto e a situación do voluntariado en Galicia.

Cooperación	Liña estratéxica	Acción
<p><b>Obxectivo específico:</b> Reforzar a comunicación e cooperación entre as e os axentes de voluntariado en Galicia.</p>	<p>LE 17. Desenvolvemento de colaboracións interdepartamentais dentro da administración autonómica.</p>	<p>75. Deseño dun programa estable de voluntariado e educación medioambiental, en colaboración coa Dirección xeral de protección da natureza, a Dirección xeral de montes e as entidades de acción voluntaria.</p> <p>76. Deseño dun programa estable de voluntariado de difusión, coñecemento, protección e recuperación do patrimonio cultural, en colaboración coa Dirección xeral de patrimonio cultural, e outros departamentos e institucións.</p> <p>77. Deseño dun programa de voluntariado sociosanitario nos hospitais de Galicia, en colaboración con entidades de acción voluntaria do ámbito e coa Subdirección xeral de xestión sociosanitaria e saúde mental.</p> <p>78. Promoción de programas de voluntariado en ámbitos concretos de interese manifestado polos departamentos responsables:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Emigración. Apoio social a través de Centros Galegos no exterior, en colaboración coa Secretaría xeral de emigración.</li> <li>• Vivenda. Integración social e a convivencia na vivenda, en colaboración co Instituto galego de vivenda e solo e as entidades que traballan neste ámbito.</li> <li>• Sociedade da información. Programa de voluntariado dixital, en colaboración coa Subdirección xeral de desenvolvemento da sociedade da información.</li> <li>• Maiores. Apoio á creación dun banco de Voluntariado de persoas maiores, en colaboración coa Dirección xeral da dependencia e autonomía persoal.</li> <li>• Deporte. Promoción do voluntariado no ámbito deportivo, en colaboración coa Secretaría xeral para o deporte.</li> <li>• Igualdade. Promoción do voluntariado para a igualdade entre homes e mulleres, en colaboración coa Secretaría xeral de igualdade.</li> </ul> <p>79. Análise e promoción de novas vías e formas de colaboración entre a Dirección xeral de xuventude e voluntariado e outros departamentos e áreas da administración autonómica de cara ao desenvolvemento do fenómeno do voluntariado.</p>

	<p>LE 18. Desenvolvemento de colaboracións entre a administración autonómica e as entidades locais.</p>	<p>80. Deseño de liñas de coordinación coas entidades locais para a participación, formación e xestión do voluntariado en diferentes campos de intervención do voluntariado, nomeadamente catástrofes naturais, emerxencias e grandes eventos.</p> <p>81. Impulso ás redes locais de voluntariado que xurdan en diferentes ámbitos de interese xeral.</p> <p>82. Impulso á difusión das actividades de voluntariado desde as entidades locais.</p> <p>83. Impulso á elaboración de estudos de ámbito municipal sobre voluntariado.</p> <p>84. Deseño e posta en marcha de programas de apoio á xestión do voluntariado nas entidades locais.</p> <p>85. Posta en marcha do Programa de voluntariado dixital, en colaboración coa Subdirección xeral de desenvolvemento da sociedade da información e as entidades locais de Galicia.</p>
	<p>LE 19. Colaboracións co goberno central e rexións transfronteirizas.</p>	<p>86. Deseño de liñas de coordinación co goberno español e coas rexións transfronteirizas para a participación e xestión do voluntariado en diferentes campos de intervención do voluntariado, nomeadamente catástrofes naturais e grandes eventos.</p> <p>87. Apoio a programas específicos de realización de actividades, estudos e investigacións entre entidades de acción voluntaria da zona transfronteiriza.</p> <p>88. Difusión de boas prácticas existentes no ámbito do voluntariado na rexión transfronteiriza galego-portuguesa.</p> <p>89. Elaboración dunha guía de programas de voluntariado mixtos na rexión transfronteiriza galego-portuguesa.</p>

## ACCIÓNS

### 1. Área de sensibilización

#### Difusión

#### Liña estratéxica 1. Difusión dos valores da acción voluntaria na sociedade galega

<b>1. Impulso de campañas e eventos periódicos de concienciación e sensibilización da sociedade</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Sociedade e comunidade galega en conxunto</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Entidades locais</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> <li>Universidades</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Celebración Anual do día Internacional do Voluntariado e outras datas conmemorativas sobre temas de interese social</li> <li>Convocatoria Bianual de premios de recoñecemento da acción voluntaria de colectivos, persoas e entidades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Celebracións realizadas no período de vixencia do III PGAV               <ul style="list-style-type: none"> <li>Persoas e entidades participantes</li> </ul> </li> <li>Convocatorias realizadas no período de vixencia do III PGAV               <ul style="list-style-type: none"> <li>Premios entregados</li> <li>Persoas, colectivos e entidades nomeadas como candidatas</li> </ul> </li> </ul>
<b>2. Promoción de accións de sensibilización sobre a acción solidaria e voluntaria que contribúan á participación efectiva en accións de voluntariado</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Sociedade e comunidade galega en conxunto</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Medios de comunicación social</li> <li>Entidades locais</li> <li>Oficinas municipais de voluntariado</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> <li>Universidades</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Publicación anual sobre o voluntariado galego</li> <li>Presenza periódica en prensa, con entrevistas, programas e reportaxes específicas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Publicacións realizadas no período de vixencia do III PGAV</li> <li>Artigos, entrevistas e reportaxes realizados anualmente, no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>

<b>3. Impulso á concienciación e sensibilización da mocidade acerca dos valores da acción voluntaria</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Mozas e mozos residentes en Galicia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Consello da Xuventude de Galicia (CONXUGA)</li> <li>Entidades locais</li> <li>Oficinas municipais de voluntariado</li> <li>Oficinas municipais información xuvenil</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> <li>Universidades</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Campañas anuais de sensibilización</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Campañas realizadas no período de vixencia do III PGAV               <ul style="list-style-type: none"> <li>Institucións participantes</li> <li>Persoas participantes</li> </ul> </li> </ul>
<b>4. Difusión dos resultados e beneficios que a acción voluntaria ten para os colectivos e persoas beneficiarias</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Sociedade e comunidade galega en conxunto</li> <li>Colectivos, entidades, institucións e persoas relacionadas co voluntariado e a acción voluntaria e solidaria en xeral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Entidades locais</li> <li>Oficinas municipais de voluntariado</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> <li>Obras Sociais e Fundacións privadas</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Anualmente, en colaboración con entidades de acción voluntaria, Concellos, Obras sociais e Fundacións, publicación de boas prácticas e resultados posto a disposición pública</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Publicacións realizadas no período de vixencia do III PGAV               <ul style="list-style-type: none"> <li>Exemplares postos a disposición</li> <li>Descargas a través da web</li> </ul> </li> </ul>

## Liña estratéxica 2. Difusión dos valores acción voluntaria nos ámbitos educativos

<b>5. Impulso de campañas de información e sensibilización sobre os valores do voluntariado nos centros de ensino primario e secundario</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado e profesorado dos centros de ensino primario e secundario de Galicia</li> <li>• Nais e pais de alumnos e alumnas de primaria e secundaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Consellería de Educación</li> <li>• ANPAS</li> <li>• Secretaría Xeral da Igualdade</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Edición de material multimedia a disposición dos centros</li> <li>• Campaña bianual de sensibilización escolar</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Difusión do material multimedia <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Centros solicitantes</li> </ul> </li> <li>• Campañas realizadas no período de vixencia do III PGAV <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Centros de ensino que participan</li> <li>○ ANPAS que participan</li> </ul> </li> </ul>
<b>6. Impulso á difusión dos valores da acción voluntaria e solidaria na comunidade universitaria</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos das universidades galegas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Universidades galegas</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Anualmente, campañas en colaboración coas universidades e as entidades de acción voluntaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Campañas realizadas no período de vixencia do III PGAV <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Entidades de acción voluntaria participantes</li> </ul> </li> </ul>
<b>7. Apoio na difusión dos valores da solidariedade e o altruísmo por medio do currículo escolar na educación primaria, de modo transversal no marco da educación en valores</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado e profesorado de educación primaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Consellería de Educación</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguimento desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Centros de ensino que incorporan o voluntariado transversalmente no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>

<b>8. Apoio á incorporación no currículo académico do ensino secundario e universitario de actividades de voluntariado</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado e profesorado de educación secundaria, bacharelato e universidades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Consellería de educación</li> <li>Universidades galegas</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Seguimento desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Centros de ensino que incorporan o voluntariado no currículo no período de vixencia do III PGAV               <ul style="list-style-type: none"> <li>Accións de voluntariado realizadas por alumnado dos centros</li> <li>Entidades de acción voluntaria colaboradoras</li> </ul> </li> <li>Universidades que incorporan o voluntariado no currículo a través de créditos de libre configuración (CLC) e créditos ECTS (European Credit Transfer System) no período de vixencia do III PGAV               <ul style="list-style-type: none"> <li>Accións de voluntariado realizadas por universitarios que dan dereito a CLC ou ECTS</li> <li>Entidades de acción voluntaria colaboradoras e persoas voluntarias que participan</li> </ul> </li> </ul>

### Liña estratéxica 3. Difusión das actividades de voluntariado

<b>9. Impulso á difusión de accións e actividades de voluntariado entre a comunidade universitaria</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Alumnado, profesorado e persoal de administración e servizos das universidades galegas</li> <li>• Colectivos, entidades e persoas relacionadas coa acción voluntaria nas universidades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Universidades galegas</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguimento anual desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións de difusión realizadas desde as universidades no período de vixencia do III PGAV</li> <li>• Accións realizadas desde as entidades de acción voluntaria que operan no ámbito universitario</li> </ul>
<b>10. Impulso á difusión de novas e experiencias solidarias e da axenda do voluntariado galego desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sociedade e comunidade galega en conxunto</li> <li>• Colectivos, entidades, institucións e persoas relacionadas co voluntariado e a acción voluntaria e solidaria en xeral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Anualmente, revisión desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado das accións realizadas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións de difusión realizadas no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>



<b>11. Difusión das actividades de voluntariado desde outros departamentos da administración autonómica e desde outras institucións</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Sociedade e comunidade galega en conxunto</li> <li>Colectivos, entidades, institucións e persoas relacionadas co voluntariado e a acción voluntaria e solidaria en xeral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Xunta de Galicia</li> <li>FEGAMP</li> <li>CONXUGA</li> <li>Concellos</li> <li>Oficinas municipais de voluntariado</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Anualmente, accións coordinadas desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Accións de difusión realizadas desde outros departamentos da administración autonómica no período de vixencia do III PGAV</li> <li>Accións de difusión realizadas desde a FEGAMP</li> <li>Accións de difusión realizadas desde o CONXUGA</li> <li>Accións de difusión realizadas en coordinación con OMV e Concellos</li> </ul>
<b>12. Promoción da implicación dos medios de comunicación na difusión da acción voluntaria</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Medios de comunicación</li> <li>Colectivos, entidades, institucións e persoas relacionadas co voluntariado e a acción voluntaria e solidaria en xeral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Medios de Comunicación</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Anualmente, accións de seguimento desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Accións de difusión realizadas polos medios de comunicación, en colaboración con entidades de acción voluntaria no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>
<b>13. Promoción e apoio a plataformas sectoriais ou locais para a difusión da acción voluntaria</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Colectivos, entidades, institucións e persoas relacionadas co voluntariado e a acción voluntaria e solidaria en xeral</li> <li>Entidades e persoas promotoras de plataformas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Entidades locais</li> <li>Oficinas municipais de voluntariado</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Anualmente, accións de seguimento desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Plataformas existentes ao final do período de vixencia do III PGAV</li> <li>Accións de apoio realizadas</li> </ul>

## Reflexión e estudo

### Liña estratéxica 4. Coñecemento da realidade da acción voluntaria en Galicia

<b>14. Creación e dotación do Observatorio galego de acción voluntaria</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Sociedade e comunidade galega en conxunto</li> <li>Colectivos, entidades, institucións e persoas relacionadas co voluntariado e a acción voluntaria e solidaria en xeral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Xunta de Galicia</li> <li>Entidades locais</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> <li>Universidades</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Creación no marco do desenvolvemento normativo da nova Lei Galega de acción voluntaria, antes do remate do período de vixencia do III PGAV</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Observatorio creado</li> </ul>
<b>15. Deseño e posta en marcha dun sistema de indicadores sistematizado que permita caracterizar a situación do voluntariado e avaliar o impacto xeral das políticas públicas no sector, e de xénero en particular</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Xunta de Galicia</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> <li>Colectivos, entidades, institucións e persoas relacionadas co voluntariado e a acción voluntaria e solidaria en xeral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Xunta de Galicia</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> <li>Universidades</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>No período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Sistema deseñado e posto e marcha</li> </ul>
<b>16. Realización de informes anuais sobre a situación do voluntariado en Galicia, con datos desagregados por sexos, idades, ...</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Xunta de Galicia</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> <li>Colectivos, entidades, institucións e persoas relacionadas co voluntariado e a acción voluntaria e solidaria en xeral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Xunta de Galicia</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> <li>Universidades</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Informe anual posto a disposición pública</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Informes realizados no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>

<b>17. Posta en marcha do Rexistro de acción voluntaria de Galicia, cun soporte que permita a dispoñibilidade de datos para análises desagregadas por sexos, idades, ...</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Entidades de acción voluntaria</li> <li>Persoas voluntarias</li> <li>Departamentos da administración pública con competencias</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Persoas voluntarias</li> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Creación no marco do desenvolvemento normativo da nova Lei Galega de AV, antes do remate do período de vixencia do III PGAV</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Rexistro creado</li> </ul>
<b>18. Actualización do Rexistro das entidades de acción voluntaria de Galicia</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Persoas voluntarias</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> <li>Departamentos da administración pública con competencias</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Entidades locais</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Ao longo do primeiro ano de vixencia do III PGAV</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Rexistro actualizado</li> </ul>
<b>19. Realización dun estudo actualizado de diagnóstico sobre a acción voluntaria en Galicia, que permita dispoñer de datos sobre as persoas vinculadas aos programas</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Persoas voluntarias</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> <li>Departamentos da Administración Pública con competencias</li> <li>Colectivos, entidades, institucións e persoas relacionadas co voluntariado e a acción voluntaria e solidaria en xeral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Xunta de Galicia</li> <li>Universidades</li> <li>Entidades locais</li> <li>Oficinas municipais de voluntariado</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Ao longo dos dous primeiros anos de vixencia do III PGAV</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Estudio diagnóstico realizado</li> </ul>

<b>20. Realización dun estudo sobre a adecuación da lexislación vixente á realidade do voluntariado</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xunta de Galicia</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> <li>• Colectivos, entidades, institucións e persoas relacionadas co voluntariado e a acción voluntaria e solidaria en xeral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• No primeiro ano de vixencia do III PGAV</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estudio realizado</li> </ul>
<b>21. Colaboración en estudos que permitan coñecer as necesidades, demandas, problemas, recursos e tendencias do voluntariado e das entidades de acción voluntaria</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xunta de Galicia</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> <li>• Colectivos, entidades, institucións e persoas relacionadas co voluntariado e a acción voluntaria e solidaria en xeral</li> <li>• Universidades</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Todos os axentes de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguimento anual no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estudos realizados e colaboracións aportadas no período de vixencia do II PGAV</li> </ul>
<b>22. Estimulo á elaboración de investigacións sobre a acción voluntaria en Galicia que incorporen as perspectivas sociolóxica, económica e de xénero, a través de convocatoria de subvencións destinadas ás universidades galegas que promovan a súa realización</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Xunta de Galicia</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> <li>• Colectivos, entidades, institucións e persoas relacionadas co voluntariado e a acción voluntaria e solidaria en xeral</li> <li>• Universidades galegas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Xunta de Galicia <ul style="list-style-type: none"> <li>◦ Secretaría Xeral de Igualdade</li> </ul> </li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> <li>• Universidades galegas</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguimento bianual no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Estudos e investigacións realizadas e postas a disposición pública no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>

<b>23. Promoción desde a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado do coñecemento do marco legal do voluntariado en Galicia para o voluntariado e entidades de acción voluntaria</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas voluntarias</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> <li>• Colectivos, entidades, institucións e persoas relacionadas co voluntariado e a acción voluntaria e solidaria en xeral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguimento anual no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións realizadas no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>
<b>24. Promoción de espazos de reflexión e análise da realidade do voluntariado</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas voluntarias</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> <li>• Colectivos, entidades, institucións e persoas relacionadas co voluntariado e a acción voluntaria e solidaria en xeral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Todos os axentes de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Seguimento bianual no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Espazos de encontro propostos e realizados no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>

## 2. Área de apoio

### Promoción

#### Liña estratéxica 5: Impulso do voluntariado nos centros educativos non universitarios: educación secundaria, bacharelato e formación profesional

<b>25. Promoción de programas de voluntariado para o alumnado e profesorado de centros de ensino de secundaria en colaboración coa Consellería de Educación</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado e profesorado de centros de ensino de secundaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Xunta de Galicia               <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Protección da Natureza</li> <li>Dirección Xeral de protección do Patrimonio Cultural</li> <li>Consellería de Educación</li> </ul> </li> <li>Centros educativos</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con programacións anuais, comezando no ano 2012</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Programa de voluntariado ambiental posto en marcha</li> <li>Programa de voluntariado do patrimonio cultural posto en marcha</li> </ul>
<b>26. Desenvolvemento da colaboración entre entidades de acción voluntaria e os centros do sistema educativo en proxectos concretos de acción voluntaria e en actividades de iniciación ao voluntariado</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado e profesorado de centros educativos non universitarios</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Consellería de Educación</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> <li>Centros educativos</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Proxectos postos en marcha               <ul style="list-style-type: none"> <li>Centros de ensino que participan</li> <li>Entidades de acción voluntaria que participan</li> </ul> </li> </ul>

<b>27. Impulso á participación do alumnado de ensino medio e superior non universitario na presentación e desenvolvemento de propostas de programas de acción voluntaria</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado e profesorado de centros de ensino medio e superior non universitario</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Consellería de Educación</li> <li>Centros educativos</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Propostas presentadas e desenvolvidas no período de vixencia do III PGAV</li> </ul>
<b>28. Establecemento dunha liña de axudas específicas a entidades de acción voluntaria, no marco das convocatorias de subvención, para a realización de proxectos de voluntariado en colaboración con centros educativos de ensino medio e superior non universitario</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado e profesorado de centros de ensino medio e superior non universitario</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Consellería de Educación</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> <li>Centros educativos</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Convocatorias anuais de subvención</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Propostas presentadas, financiadas e realizadas</li> </ul>
<b>29. Fomento do intercambio de coñecementos, experiencias e boas prácticas, en especial aquelas referidas á innovación social e boas prácticas de voluntariado, entre centros ensino medio e superior non universitario</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Alumnado e profesorado de centros de ensino medio e superior non universitario</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Consellería de Educación</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Accións realizadas</li> <li>Centros participantes</li> <li>Profesorado participante</li> <li>Alumnado participante</li> </ul>

<b>30. Formación do persoal docente dos centros de ensino medio e superior non universitario en temas de igualdade, participación cidadá activa, solidariedade e voluntariado</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Profesorado de centros de ensino medio e superior non universitario</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Consellería de Educación</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> <li>• Centros educativos</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións realizadas</li> <li>• Centros participantes</li> <li>• Profesorado participante</li> </ul>



### Liña estratéxica 6: Fomento da acción voluntaria na administración pública

<b>31. Promoción da participación de empregadas e empregados públicos en proxectos de acción voluntaria</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoal laboral e funcionario das administracións públicas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Xunta de Galicia</li> <li>• Entidades locais</li> <li>• FEGAMP</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións específicas realizadas</li> <li>• Persoal das administracións públicas que participa en proxectos de voluntariado</li> </ul>
<b>32. Deseño de liñas de asesoramento, apoio e formación a persoal da administración pública</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoal laboral e funcionario das administracións públicas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Xunta de Galicia</li> <li>• Entidades locais</li> <li>• FEGAMP</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións de formación realizadas</li> <li>• Accións de asesoramento realizadas</li> <li>• Persoal que participa</li> </ul>

### Liña estratéxica 7: Promoción do voluntariado en determinados colectivos sociais e en determinados ámbitos

<b>33. Promoción do voluntariado para a intervención como apoio ante emerxencias, catástrofes e desastres naturais, en colaboración con entidades especializadas</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Sociedade e comunidade galega en conxunto</li> <li>Departamentos de Administracións Públicas con competencias na materia</li> <li>Persoas voluntarias</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Xunta de Galicia               <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Emerxencias e Interior</li> </ul> </li> <li>Outras institucións               <ul style="list-style-type: none"> <li>Protección civil</li> <li>Forzas e corpos da seguridade do Estado</li> <li>Delegación do goberno en Galicia</li> </ul> </li> <li>Entidades locais</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Ao longo do período de vixencia do III PGAV</li> <li>En situacións de necesidade, con seguimento bianual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Situacións nas que se mobiliza e participa o voluntariado</li> <li>Persoas voluntarias que interveñen</li> <li>Entidades de acción voluntaria que interveñen</li> <li>Entidades locais que interveñen</li> </ul>
<b>34. Promoción do voluntariado para a intervención como apoio en grandes eventos sociais, culturais e deportivos</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>Sociedade e comunidade galega en conxunto</li> <li>Departamentos de administracións públicas con competencias na materia</li> <li>Persoas voluntarias</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>Xunta de Galicia               <ul style="list-style-type: none"> <li>Dirección Xeral de Emerxencias e Interior</li> </ul> </li> <li>Outras institucións               <ul style="list-style-type: none"> <li>Protección civil</li> <li>Forzas e corpos da seguridade do Estado</li> </ul> </li> <li>Entidades locais</li> <li>Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas voluntarias</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Xunta de Galicia               <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Dirección Xeral de Protección da Natureza</li> <li>○ Dirección Xeral de Montes</li> </ul> </li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> <li>• Entidades locais</li> <li>• Oficinas municipais de voluntariado</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións específicas realizadas</li> <li>• Proxectos deseñados e realizados</li> <li>• Persoas voluntarias participantes</li> <li>• Responsables participantes</li> </ul>
<b>76. Deseño dun Programa estable de voluntariado de difusión, coñecemento, protección e recuperación do patrimonio cultural, en colaboración coa Dirección xeral de patrimonio cultural, e outros departamentos e institucións</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas voluntarias</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Xunta de Galicia               <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Dirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural</li> </ul> </li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> <li>• Entidades locais</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións específicas realizadas</li> <li>• Proxectos deseñados e realizados</li> <li>• Persoas voluntarias participantes</li> <li>• Responsables participantes</li> </ul>

<b>77. Deseño dun programa de voluntariado sociosanitario nos hospitais de Galicia, en colaboración con entidades de acción voluntaria do ámbito e coa Subdirección xeral de xestión sociosanitaria e saúde mental</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas voluntarias</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Xunta de Galicia                             <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Subdirección Xeral de xestión sociosanitaria e saúde mental</li> </ul> </li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> <li>• Entidades locais</li> <li>• Oficinas municipais de voluntariado</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións específicas realizadas</li> <li>• Proxectos deseñados e realizados</li> <li>• Persoas voluntarias participantes</li> <li>• Responsables participantes</li> </ul>

<b>78. Promoción de programas de voluntariado en ámbitos concretos de interese xeral</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas voluntarias</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Xunta de Galicia               <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Secretaría Xeral de Emigración</li> <li>○ Subdirección Xeral de desenvolvemento da sociedade da información</li> <li>○ Instituto galego da vivenda e o solo</li> <li>○ Dirección xeral da dependencia e autonomía persoal</li> <li>○ Secretaría Xeral para o Deporte</li> <li>○ Secretaría Xeral para a Igualdade</li> </ul> </li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> <li>• Os ámbitos de actuación:               <ul style="list-style-type: none"> <li>○ Secretaría Xeral de Emigración                   <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Apoio social a persoas desfavorecidas a través dos Centros Galegos no exterior</li> </ul> </li> <li>○ Subdirección Xeral de desenvolvemento da sociedade da información                   <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Promoción da sociedade da información</li> </ul> </li> <li>○ Instituto galego da vivenda e o solo                   <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Integración social e a convivencia na vivenda</li> </ul> </li> <li>○ Dirección xeral da dependencia e autonomía persoal:                   <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Apoio á creación dun banco de voluntariado de persoas maiores</li> </ul> </li> <li>○ Secretaría Xeral para o Deporte                   <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Promoción do voluntariado no ámbito do deporte</li> </ul> </li> <li>○ Secretaría xeral para a Igualdade                   <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Promoción do voluntariado para a igualdade entre homes e mulleres</li> </ul> </li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións específicas realizadas</li> <li>• Proxectos deseñados e realizados</li> <li>• Persoas voluntarias participantes</li> <li>• Responsables participantes</li> </ul>

79. Análise e promoción de novas vías e formas de colaboración entre a Dirección xeral de xuventude e voluntariado e outros departamentos e áreas da Administración autonómica de cara ao desenvolvemento do fenómeno do voluntariado	
DESTINATARIOS	RESPONSABLES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Axentes de voluntariado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Xunta de Galicia</li> </ul>
DESENVOLVEMENTO E ALCANCE	INDICADORES
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións específicas realizadas</li> <li>• Acordos acadados</li> <li>• Departamentos e áreas implicadas</li> </ul>



### **Liña Estratéxica 18. Desenvolvemento de colaboracións entre a administración autonómica e as entidades locais**

<b>80. Deseño de liñas de coordinación coas entidades locais para a participación, formación e xestión do voluntariado en diferentes campos de intervención do voluntariado, nomeadamente emerxencias, catástrofes naturais e grandes eventos</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas voluntarias</li> <li>• Entidades locais</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Entidades locais</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións específicas realizadas</li> <li>• Entidades locais participantes</li> </ul>
<b>81. Impulso ás redes locais de voluntariado que xurdan en diferentes ámbitos de interese xeral</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Axentes de voluntariado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Entidades locais</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Redes que se crean no período de vixencia do III PGAV</li> <li>• Apoios realizados a redes existentes ou emerxentes</li> <li>• Responsables participantes</li> </ul>
<b>82. Impulso á difusión das actividades de voluntariado desde as entidades locais</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Sociedade e comunidade galega en conxunto</li> <li>• Colectivos, entidades, institucións e persoas relacionadas co voluntariado e a acción voluntaria e solidaria en xeral</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Entidades locais</li> <li>• FEGAMP</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións específicas realizadas</li> <li>• Responsables participantes</li> </ul>

<b>83. Impulso á elaboración de estudos de ámbito municipal sobre voluntariado</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas voluntarias</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> <li>• Entidades locais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Entidades locais</li> <li>• FEGAMP</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións específicas realizadas</li> <li>• Estudos realizados</li> <li>• Responsables participantes</li> </ul>
<b>84. Deseño e posta en marcha de programas de apoio á xestión do voluntariado nas entidades locais</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas voluntarias</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> <li>• Entidades locais</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Entidades locais</li> <li>• FEGAMP</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións específicas realizadas</li> <li>• Programas postos en marcha</li> <li>• Responsables participantes</li> </ul>
<b>85. Posta en marcha do Programa de voluntariado dixital, en colaboración coa Subdirección xeral de desenvolvemento da sociedade da información e as entidades locais de Galicia</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas voluntarias</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Xunta de Galicia <ul style="list-style-type: none"> <li>◦ Subdirección Xeral de desenvolvemento da sociedade da información</li> </ul> </li> <li>• Entidades locais</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas voluntarias participantes</li> <li>• Concellos participantes</li> </ul>

**LIÑA ESTRATÉXICA 19: Colaboracións co goberno central e rexións transfronteirizas**

<b>86. Deseño de liñas de coordinación co goberno español e coas rexións transfronteirizas para a participación e xestión do voluntariado en diferentes campos de intervención do voluntariado, nomeadamente catástrofes naturais e grandes eventos</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas voluntarias</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Entidades locais</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións específicas realizadas</li> <li>• Persoas voluntarias que participan</li> <li>• Responsables participantes</li> </ul>
<b>87. Apoio a programas específicos de realización de actividades, estudos e investigacións entre entidades de acción voluntaria da zona transfronteiriza</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> <li>• Xunta de Galicia</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Entidades locais</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Accións específicas realizadas</li> <li>• Programas realizados</li> <li>• Responsables participantes</li> </ul>
<b>88. Difusión de boas prácticas existentes no ámbito do voluntariado na rexión transfronteiriza galego-portuguesa</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Axentes de voluntariado</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Axentes de voluntariado</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Ao longo do período de vixencia do III PGAV, con seguimento anual</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Boas prácticas recollidas</li> <li>• Boas prácticas difundidas</li> <li>• Responsables participantes</li> </ul>

<b>89. Elaboración dunha guía de programas de voluntariado mixtos na rexión transfronteiriza galego-portuguesa</b>	
<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Persoas voluntarias</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado</li> <li>• Entidades locais</li> <li>• Entidades de acción voluntaria</li> </ul>
<b>DESENVOLVEMENTO E ALCANCE</b>	<b>INDICADORES</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Durante o terceiro ano de vixencia do III PGAV</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Guía realizada</li> <li>• Responsables participantes</li> </ul>

## SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

O seguimento e avaliación do III Plan Galego de acción voluntaria 2011-14 será coordinado desde a Subdirección xeral de voluntariado e participación da Dirección xeral de xuventude e voluntariado da Xunta de Galicia, en colaboración coas e cos demais axentes de voluntariado definidas no mesmo.

### 1. Seguimento

Considérase o seguimento do III Plan Galego de acción voluntaria como un proceso que ten lugar durante a súa execución, co cometido de observar, recoller información, realizar axustes e informar ás entidades de voluntariado, ás institucións e á cidadanía sobre a súa marcha e o desenvolvemento do sector do voluntariado no período de vixencia.

O obxectivo xeral do seguimento é recoller información sobre o desenvolvemento das accións previstas no Plan durante a súa execución.

O seguimento contemplará o Plan a través da execución das accións previstas e en relación ás e aos axentes responsables e implicadas en cada unha delas.

Considérase o seguimento como un proceso de carácter interno, continuo e desenvolvido en tempo real, que será a ponte entre a súa execución e avaliación.

A participación das entidades de acción voluntaria no seguimento baséase na aplicación do principio de diálogo civil, polo que as entidades representativas participan na elaboración, execución, seguimento e avaliación das políticas dentro do ámbito.

#### Responsabilidade

A responsabilidade de seguimento recae por unha parte na Subdirección xeral de voluntariado e participación da Dirección xeral de xuventude e voluntariado da Xunta de Galicia, e por outro nas e nos axentes responsables de cada acción obxecto de seguimento.

#### Recollida de datos

É preciso que as e os axentes responsables de cada acción recollan como mínimo os seguintes datos sobre o desenvolvemento das accións contempladas no Plan, de cara a facilitalos á Dirección xeral de xuventude e voluntariado:

- Nome da acción.
- Ubicación da acción no III Plan galego de acción voluntaria: área, ámbito e liña estratéxica.
- Responsables.
- Destinatarias.

- Datos de participación desagregados: sexo, idade...
- Alcance da execución.
- Desenvolvemento.

Desde a entrada en vigor do Plan, os organismos responsables realizarán un informe anual de seguimento, en liña co establecido na acción 16 da Liña Estratéxica 04 (Coñecemento da realidade da acción voluntaria en Galicia), correspondente ao ámbito de reflexión e estudo da área de sensibilización.

## 2. Avaliación

A avaliación do III Plan galego de acción voluntaria é o proceso mediante o cal se tratará de analizar o impacto do Plan no desenvolvemento da acción voluntaria na comunidade galega no seu período de vixencia.

O obxectivo da avaliación é analizar a consecución de obxectivos xerais e específicos do Plan.

No marco do documento do Plan, asociamos o proceso de avaliación ao establecido na Liña Estratéxica 04 (Coñecemento da realidade da acción voluntaria en Galicia), correspondente ao ámbito de reflexión e estudo da área de sensibilización, e tamén ao cadro de desenvolvemento de cada una das accións, que recolle o seu alcance e indicadores de realización.

Como criterios de avaliación tómanse en conta a eficacia, eficiencia, pertinencia, calidade e satisfacción das accións implementadas, a través dos indicadores establecidos no cadro de accións do Plan.

A avaliación será realizada ao final do período de execución e con anterioridade ao seguinte Plan de acción voluntaria.

### Responsabilidade

A responsabilidade de avaliación recae na Subdirección xeral de voluntariado e participación da Dirección xeral de xuventude e voluntariado da Xunta de Galicia.

Para o desenvolvemento da súa responsabilidade contará, polo menos, cos datos recollidos polas e polos axentes responsables das accións, así como cos informes anuais de seguimento.

### Indicadores

Os indicadores de avaliación do III Plan galego de acción voluntaria veñen establecidos nos cadros de desenvolvemento das accións do mesmo.

Estes indicadores, agrupados por liña estratéxica, ámbito e área, contribúen á análise que se realiza coa avaliación proposta, xunto cos mencionados informes anuais de seguimento.

## ORZAMENTO

A estimación orzamentaria para o desenvolvemento do III Plan galego de acción voluntaria  
(2011-2014) cifrase en **9.756.520** €.



## ANEXOS

### 1. Metodoloxía

Os traballos conducentes á elaboración e redacción do III PGAV procuraron acadar un documento participado, con coherencia interna, consistencia e aliñamento coas políticas que se están aplicando, que servira para enmarcar e orientar o desenvolvemento do voluntariado en Galicia no período 2011-2014, e que comprometera ás e aos distintos axentes implicados no seu desenvolvemento.

Para obter este resultado a metodoloxía a empregar resulta un elemento clave. Os pasos dados para a elaboración do Plan foron os seguintes:

1. As tarefas **preliminares** centráronse na recompilación e estudo de documentación relevante sobre a materia a abordar:
  - a. Normativa galega en vigor, xunto coa previsión de futuro formulada no *Anteproxecto de Lei de Acción Voluntaria de Galicia*.
  - b. Normativa estatal e do resto das comunidades autónomas en vigor.
  - c. Plans de voluntariado da comunidade autónoma galega, estatais e do resto das comunidades autónomas do estado, en vigor e pasados.
  - d. Informes, estudos e diagnósticos sobre voluntariado de diferentes institucións e organismos.
  - e. Outros plans sectoriais da comunidade autónoma, en ámbitos e áreas afíns: discapacidade, maiores, xuventude, menores, actuación social, autonomía persoal, infraestruturas sociais.
  - f. Outros documentos de referencia, tanto no ámbito autonómico como estatal.
2. Paralelamente, presentouse o proceso de elaboración do Plan ás entidades implicadas, por unha parte no **Consello Galego do Voluntariado** e por outra nos **Foros Provinciais de Voluntariado**, ao longo dos meses de Febreiro e Marzo de 2011.
3. Deseguido, as persoas responsables do Plan e consultoras solicitaron a colaboración dun **Equipo de redacción**, quen se encargou da elaboración dos documentos base e borrador do Plan.
4. Os consultores responsables da coordinación do Equipo de redacción, realizaron **contactos e entrevistas** de exposición das liñas e contidos do Plan con departamentos e áreas da administración autonómica e con outros organismos que teñen relación, directa ou indirectamente, con aspectos recollidos no mesmo. Tratouse de presentar o Plan e o seu proceso de xestión aos axentes de voluntariado e outros axentes implicados, co propósito de enriquecer o *Documento base*, cuxas liñas principais están previamente definidas polos responsables do Plan, a Dirección xeral de xuventude e voluntariado.

5. Elaborado o **Documento base** por parte do equipo de redacción e de cara a contrastalo con outras persoas e axentes, someteuse á consideración de:
  - a. Un **panel de persoas expertas** designadas polo propio Equipo de redacción.
  - b. As **entidades de acción voluntaria de Galicia**, invitadas a realizar achegas e verter opinións sobre o documento.
  - c. Os **departamentos e organismos consultados** na fase de contactos e entrevistas, que reciben o documento e foron invitados a realizar as alegacións e consideracións sobre a súa contribución.
6. Coas numerosas achegas recibidas, o Equipo de redacción foi quen de elaborar o **Documento borrador** do Plan, tendo en conta e integrando as achegas recibidas sobre o documento base das expertas e das entidades, e as alegacións dos departamentos e organismos consultados.
7. O **Documento borrador** recibe o visto bo da Dirección xeral de xuventude e voluntariado, no mes de Xullo de 2011, e someteuse a consideración pública a través da páxina [www.voluntariadogalego.org](http://www.voluntariadogalego.org)

No mes de setembro integráronse as achegas recibidas e preséntase o **III Plan Galego de Acción Voluntaria**, que enmarca e orienta o desenvolvemento do voluntariado en Galicia no período 2011-2014.

## 2. Participación

### Responsables do Plan

O Departamento da Xunta de Galicia que se responsabiliza da aprobación, implantación, execución e avaliación do III Plan Galego de Acción Voluntaria (2011-2014) é a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellería de Traballo e Benestar.

- Director xeral de xuventude e voluntariado: Ovidio Rodeiro Tato.
- Subdirector xeral de voluntariado e participación: Alberto Otero Pena.
- Xefa de servizo de voluntariado: Olalla Alvarellos García.

### Asistencia técnica

A consultoría de asistencia técnica para a elaboración do Plan foi encomendada a Algalia, Servizos para o terceiro sector. Xermán Alexandre Muíños e David Pereiro Peláez foron os consultores asignados a este proxecto.

### Equipo de redacción

As persoas e entidades que aceptaron a invitación a participar no Equipo de redacción, verdadeiro motor do proceso de elaboración do plan, foron:

1. Ana García Fernández, responsable da Área de Educación para o Desenvolvemento de Axuda en Acción Galicia-Asturias, e integrante do equipo de Educación para o Desenvolvemento e proxectos de voluntariado do IES Carlos Casares de Viana do Bolo.
2. Eloína Ingerto López, responsable de programas da Fundación Juan Soñador en Lugo.
3. Elvira Cerdeiriña Vázquez, Concellería de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela.
4. Jorge Piñeiro Grandal, técnico de animación comunitaria de Cáritas Diocesana de Santiago.
5. José Joaquín Galicia Salgado, Director de Voluntariado e Desenvolvemento Local de Cruz Vermella en Ourense.
6. Juana María Tubío Ordóñez, técnica de COGAMI (Confederación galega de persoas con discapacidade).
7. Lorena Rilo Pérez, técnica da Oficina de cooperación e voluntariado da Universidade de A Coruña.
8. Luz Encina Ramón Teijelo, xefa de sección de formación de voluntariado na Subdirección xeral de voluntariado e participación.
9. Maite Serra García, técnica de Socialia.org (Programa Socialia, de Nova Caixa Galicia).
10. Mónica Castelao García, responsable de programas de Cruz Vermella en Galicia.

11. Ramsés Pérez Rodríguez, responsable de Educación Ambiental de ADEGA (Asociación para a defensa ecolóxica de Galicia).

Agradecemos a todas as persoas a as súas entidades, o esforzo realizado e o compromiso demostrado co ben común que é para Galicia o desenvolvemento da acción voluntaria organizada da súa cidadanía.

### **Panel de persoas expertas**

As expertas e expertos que altruistamente revisaron o documento de bases e realizaron valiosas achegas para a elaboración do documento borrador foron:

1. Elisa Iglesia Corcuera, Responsable de voluntariado de Ayuda en Acción España.
2. Isabel Castellano, Responsable do Observatorio del Voluntariado da Plataforma del voluntariado de España (PVE).
3. Iván García García, do Colexio de educadoras e educadores sociais de Galicia (CEESG), técnico de voluntariado e participación do Concello de Vedra.
4. Luís Hervella Nieto, Director da Oficina de cooperación e voluntariado da Universidade de A Coruña (OCV-UdC).
5. Paula Gárate Formoso, Coordinadora de voluntariado da Asociación sociocultural de minusválidos de Ferrol (ASCM).
6. Ricardo Puertas Mosquera, Educador Social, Técnico de Voluntariado do Concello de Cambre.
7. Santiago González Aviión, Presidente de EAPN Galicia.

Moitas grazas por ofrecer tan xenerosamente o voso tempo e competencia profesional.

### **Entidades e persoas que realizaron achegas ao documento base**

1. Ayuda en Acción.
2. Confederación galega de persoas con discapacidade (COGAMI).
3. Cruz Roja Española.
4. Fundación Juan Soñador.
5. Fundación Ronsel.
6. Gabinete de Estudos de Educaçao para o Desenvolvemento do Instituto Politécnico de Viana do Castelo, Escola Superior de Educaçao.
7. Plataforma del Voluntariado de España (PVE).

### **Departamentos e áreas da administración autonómica consultados**

1. Dirección Xeral de Asistencia sanitaria.
2. Dirección Xeral de Conservación da Natureza.
3. Dirección Xeral de Dependencia e Autonomía persoal.
4. Dirección Xeral de Educación, Formación profesional e innovación educativa.
5. Dirección Xeral de Emerxencia e Interior.
6. Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.
7. Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.
8. Secretaría Xeral do Benestar.
9. Secretaría Xeral para o Deporte.
10. Secretaría Xeral de Emigración.
11. Secretaría Xeral de Igualdade.
12. Secretaría Xeral de Modernización e innovación tecnolóxica.

### **Outras institucións e entidades**

1. Federación Galega de municipios e provincias (FEGAMP).
2. Instituto galego da vivenda e o solo (IGVS).
3. Consello da Xuventude de Galicia (CONXUGA).

### 3. Estrutura do Plan

ÁREA	ÁMBITO	LIÑA ESTRATÉXICA	
<b>1. SENSIBILIZACIÓN</b>  OX: Contribuír á construción dunha cidadanía que valora e participa socialmente a través da acción voluntaria	<b>DIFUSIÓN</b> OE: Comunicar á cidadanía os valores e contribución da acción voluntaria como expresión dunha participación activa en temas de interese xeral	LE 01. Difusión dos valores da acción voluntaria na sociedade galega LE 02. Difusión dos valores da acción voluntaria nos ámbitos educativos LE 03. Difusión das actividades de voluntariado	
	<b>REFLEXIÓN E ESTUDO</b> OE: Fomentar o estudo e análise do fenómeno de acción voluntaria dende distintas perspectivas para visibilizar a cantidade e calidade da súa contribución social	LE 04. Coñecemento da realidade da acción voluntaria en Galicia	
<b>2. APOIO</b>  OX: Fomentar o desenvolvemento de entidades de acción voluntaria que favorezan a participación da cidadanía en temas de interese xeral	<b>PROMOCIÓN</b> OE: Incrementar a cantidade, calidade e continuidade da participación da cidadanía na acción voluntaria	LE 05. Impulso do voluntariado nos centros educativos non universitarios LE 06. Fomento da acción Voluntaria na administración pública LE 07. Promoción do voluntariado en determinadas colectividades sociais e ámbitos LE 08. Favorecemento da estabilidade e compromiso das PV coas EAV	
	<b>FORMACIÓN</b> OE: Fortalecer a capacitación das entidades de acción voluntaria e das persoas voluntarias para unha contribución efectiva e de calidade na atención a temas de interese xeral	LE 09. Realización de plans de formación coordinados entre distintas entidades LE 10. Formación para dinamizadoras da acción voluntaria LE 11. Formación para persoas voluntarias.	
	<b>XESTIÓN</b> OE: Mellorar a eficacia e eficiencia da xestión das entidades de acción voluntaria para contribuír a súa sustentabilidade no desempeño das súas funcións	LE 12. Fortalecemento das entidades de acción voluntaria de iniciativa social LE 13. Recoñecemento das figuras dinamizadora e xestora da acción voluntaria LE 14. Fomento da calidade na dinamización da acción voluntaria	
	<b>3. COORDINACIÓN</b>  OX: Fortalecer a coordinación entre as e os axentes de voluntariado de Galicia para favorecer a súa efectividade na construción dunha cidadanía máis participativa	<b>COORDINACIÓN</b> OE: Reorientar o funcionamento das estruturas, relacións e mecanismos de coordinación entre as e os axentes de voluntariado de Galicia	LE 15. Aseguramento da coordinación das iniciativas públicas a través da DXXV LE 16. Potenciación da coordinación das EAV de Galicia
		<b>COOPERACIÓN</b> OE: Reforzar a comunicación e cooperación entre as e os axentes de voluntariado en Galicia	LE 17. Desenvolvemento de colaboracións interdepartamentais dentro da Administración Autónoma LE 18. Desenvolvemento de colaboracións entre a administración autonómica e as entidades locais LE 19. Colaboracións co goberno central e rexións transfronteirizas

## 4. Glosario de termos

### **Acción voluntaria**

Aos efectos do III Plan galego de acción voluntaria 2011-2014, acción voluntaria é a manifestación explícita da conciencia solidaria da cidadanía, que fortalece a convivencia democrática debendo ser promovida polos poderes públicos, tal como se recolle no Anteproxecto de Lei de Acción Voluntaria de Galicia.

A acción voluntaria configúrase como a expresión dunha participación social recorrente e continúa mediante a incorporación permanente das persoas voluntarias en entidades de acción voluntaria.

### **Axente de acción voluntaria**

Ademais das entidades de acción voluntaria, existen outras e outros axentes que operan dunha forma determinante no ámbito da acción voluntaria dende a promulgación da Lei de voluntariado de Galicia 3/2000.

A efectos do III PGAV, serán axentes da acción voluntaria todas aquelas persoas físicas, entidades, organismos e institucións, públicas ou privadas, que interveñen dunha ou outra maneira no desenvolvemento do voluntariado.

### **Consello galego de acción voluntaria**

O Consello galego de Acción Voluntaria está previsto no Anteproxecto de Lei de Acción Voluntaria de Galicia, como máximo órgano de participación, coordinación, asesoramento e consulta en materia de acción voluntaria.

A súa composición e funcións recóllese tamén no texto do Anteproxecto. O seu precursor atopámolo no Consello Galego de Voluntariado, creado pola Lei 3/2000 do Voluntariado de Galicia, como órgano consultivo e asesor en materia de voluntariado.

### **Entidade de acción voluntaria**

Segundo o Anteproxecto de Lei de Acción Voluntaria de Galicia, son aquelas entidades, públicas ou privadas, sen ánimo de lucro, legalmente constituídas e dotadas de personalidade xurídica propia que de xeito organizado e estable realicen programas específicos en relación con actividades de interese xeral e incluídas no artigo 5 [todos aqueles sectores da vida política, económica, cultural e social que contribúan a promover a mellora das condicións de calidade de vida das persoas ou o benestar social]

### **Entidade de acción voluntaria de acción social**

Aos efectos do III PGAV, considéranse entidades de acción voluntaria de acción social aquelas que operan en diversos campos, ámbitos e colectividade do social en sentido amplo, como integración e inclusión, muller e igualdade, persoas maiores, menores, discapacidade, dependencia, mozas e mozos, e un longo etcétera que consideramos incluídas na categoría descrita.

## **Observatorio Galego de Acción Voluntaria**

Está previsto no Anteproxecto de Lei de Acción Voluntaria de Galicia como un órgano administrativo que terá por obxecto o desenvolvemento de actuacións encamiñadas á investigación, á formación, así como á creación e ao establecemento de sistemas de información e documentación.

O Observatorio dependerá do departamento da Xunta de Galicia que teña atribuídas as competencias en materia de acción voluntaria e, da súa actividade, dará conta ao Consello Galego de Acción Voluntaria, o cal aprobará a súa planificación anual así como as súas liñas estratéxicas.

## **Persoa destinataria de acción voluntaria**

Segundo o Anteproxecto de Lei de Acción voluntaria de Galicia, “todas as persoas físicas e/ou os grupos ou comunidades nos que se integran, para as que o desenvolvemento da acción voluntaria poda representar unha mellora das súas condicións e calidade de vida, a satisfacción das súas necesidades ou, en todo caso, un beneficio persoal ou social”, concepto que facemos extensible e de aplicación neste III PGAV.

## **Persoa dinamizadora de acción voluntaria**

Persoa que no seno dunha entidade de acción voluntaria se encarga da coordinación e dinamización das persoas voluntarias no marco dos programas, proxectos e actividades de acción voluntaria.

## **Persoa voluntaria**

No Anteproxecto de Lei de Acción Voluntaria de Galicia fórmase, e neste III PGAV así se considera, que terá a consideración de persoa voluntaria a persoa física que, en virtude da súa decisión persoal, libre e altruísta, e nunha situación de inexistencia de relación laboral, mercantil ou de traballo remunerado, participe en calquera actividade de acción voluntaria mediante unha entidade de acción voluntaria.

## **Persoa xestora de acción voluntaria**

Persoa que no seno dunha entidade de acción voluntaria se encarga das actividades e tarefas inherentes á xestión e administración do voluntariado e dos programas, proxectos e actividades de acción voluntaria.

## **Rexistro de entidades de acción voluntaria**

O Rexistro de EAV de Galicia foi creado pola Lei 3/2000 de voluntariado de Galicia (artigo 29), adscrito á consellería competente en materia de administración local e xestionado polo Servizo Galego de Voluntariado. Segundo este texto normativo, “a inscrición no Rexistro será condición indispensable para integrar as accións, actividades e iniciativas das entidades de acción voluntaria no Plan galego para a promoción e fomento da acción voluntaria e acceder ás axudas e subvencións, así como para subscribir convenios coas administracións públicas en materia de voluntariado”.

En canto teña lugar a aprobación e entrada en vigor da Lei de Acción Voluntaria de Galicia, actualmente en fase de Anteproxecto de Lei, quedará incluído no Rexistro da Acción Voluntaria de Galicia.



### **Rexistro da acción voluntaria de Galicia**

O Rexistro da acción voluntaria de Galicia é unhas das novidades que se presentan no Anteproxecto de Lei de Acción voluntaria de Galicia, que no seu artigo 33 especifica:

O rexistro de acción voluntaria configúrase como un órgano único e público que asumirá as funcións de cualificación, inscrición e certificación e estará adscrito ao departamento ao que veñan atribuídas as competencias de fomento e coordinación en materia de acción voluntaria.

Dito rexistro deberá funcionar de xeito coordinado co rexistro de entidades de voluntariado de protección civil e emerxencias previsto na Lei de emerxencias de Galicia.

O rexistro estrutúrase en dúas seccións relativas á inscrición das entidades de acción voluntaria e ao depósito das experiencias das persoas voluntarias.